

# A dÃ©cada xeorxiana (2003-2013)

## Description

Este ano que remata representou para Xeorxia o fin dunha dÃ©cada de cambios significativos, cambios que explican o porquÃ© do seu rÃ¡pido crecemento econÃ³mico e que culminan co inicio das negociacións de cara a unha futura sinatura do Acordo de Asociación coa UnÃ³n Europea durante o Cumio da Asociación Oriental en Vilnius, o pasado 29 de Novembro.

Este ano que remata representou para Xeorxia o fin dunha dÃ©cada de cambios significativos, cambios que explican o porquÃ© do seu rÃ¡pido crecemento econÃ³mico e que culminan co inicio das negociacións de cara a unha futura sinatura do Acordo de Asociación coa UnÃ³n Europea durante o Cumio da Asociación Oriental en Vilnius, o pasado 29 de Novembro.

Esta dÃ©cada de cambio en Xeorxia ten un nome propio, Mikhail Saakashvili. A persoa que ao longo de dez anos rematou coas mafias cidadÃ¡ns, que aumentou a seguridade do paÃ­s e que o colocou no mapa europeo afastÃ¡ndoo de Moscova. AÃ­nda asÃ­, Saakashvili tamÃ©n serÃ¡ recordado polo seu enfrontamento con Rusia na Guerra de Osetia do Sur en 2008, onde unha decisiÃ³n precipitada e pouco calculada levou ao paÃ­s durante unha semana de Agosto ao borde do colapso trala invasiÃ³n das tropas do Kremlin en defensa dos seus aliados caucÃ¡sicos.

A RevoluciÃ³n da Rosa de Novembro de 2003 inaugurou a dÃ©cada dos cambios en Xeorxia coa chegada de Mikhail Saakashvili Ã  presidencia do paÃ­s. A entrada de Saakashvili no Parlamento cunha rosa vermella na man simbolizou o espÃ­rito pacÃ­fico da propia revoluciÃ³n e ao mesmo tempo deulle o nome. Este suceso rematou con 18 anos de presidencia de Eduard Shevardnadze, o que fora antigo Ministro de asuntos exteriores da UnÃ³n SoviÃ©tica e que mantiÃ±a a Xeorxia aliada a Moscova no canto de mirar cara Bruxelas. Os primeiros anos de presidencia de Saakashvili caracterizÃ³nse polo crecemento e expansiÃ³n econÃ³mica. Xeorxia pasou de crecer ao 4,9% no perÃ­odo 1998-2003 ao 9,4% en 2006 (NATO-AP, 2007) para logo comezar a decrecer ao 7% en 2010 onde comezou o estancamento econÃ³mico debido entre outras cousas aos altos Ã­ndices de inflaciÃ³n e as consecuencias da guerra (IMF, 2013).

Na loita contra as mafias, Saakashvili reforzou os corpos de policÃ­a convertÃ©ndoo nun corpo de seguridade mais estrito e eficaz. Este feito levou o paÃ­s a unha situaciÃ³n de guerra durante a primeira parte do seu mandato do que saÃ­u finalmente vitorioso, elevando aÃ­nda mÃ¡is a sÃºa popularidade e concentrando de vez un maior nÃºmero de poderes na sÃºa persoa.

A partir de 2006 e aproveitando o notÃ¡bel crecemento da economÃ­a xeorxiana asÃ­ como a mellora nos Ã­ndices de seguridade do paÃ­s, Saakashvili decidiu tornarse contra as dÃºas rexÃ­ons que dende principios dos anos noventa o goberno de Tbilisi non controlaba. As primeiras tensiÃ³ns ocasionÃ³nse tralo intento de control da fronteira con Abxasia en mans rebeldes desde o 1994 pero sen recoÃ±ecemento expreso desde Moscova. En Osetia do Sur, nese mesmo ano convocouse un referendo a prol da independencia e a sÃºa posterior anexiÃ³n a Rusia. Esta escalada de tensiÃ³n levou Ã  intervenciÃ³n militar xeorxiana no territorio de Osetia do Sur para evitar perder o control sobre o territorio ao igual que acontecera en 1994 logo do alto o fogo con Abxasia (IGADI, 2013).

No caso osetio, a escalada de violencia trala intervenciÃ³n xeorxiana rematou coa intervenciÃ³n de tropas rusas en defensa dos seus aliados osetios en Agosto de 2008. Durante a guerra, o exÃ©rcito ruso invadiu e dividiu Xeorxia en dous, evitando asÃ­ calquera represalia futura contra os seus aliados estratÃ©xicos na rexÃ­on do CÃ¡ucaso. ApÃ³s a mediaciÃ³n internacional liderada polo ex Presidente da RepÃºblica de Francia, NicolÃ¡s Sarkozy, e o rexeitamento de potencias e organizaciÃ³ns occidentais, nomeadamente a UnÃ³n Europea, Estados Unidos, NaciÃ³ns Unidas e a OSCE (OrganizaciÃ³n para a Seguridade e a CooperaciÃ³n en Europa), Rusia decidiu repregar as sÃºas forzas fÃ³ra do territorio controlado por Tbilisi antes do enfrontamento militar pero mantendo tropas estacionadas nas repÃºblicas autÃ³nomas de Abxasia e Osetia do Sur que foron recoÃ±ecidas polo Kremlin como estados independentes logo do alto ao fogo.

Durante a 25ª sesiÃ³n da Conferencia de Xenebra celebrada os pasados 5-6 de Novembro, o goberno xeorxiano acusou novamente o goberno ruso de ter violado en diversas ocasiÃ³ns os acordos firmados en 2008. Desde Tbilisi consideran que as tropas rusas estÃ¡n a perseguir Ã  poboaciÃ³n xeorxiana que aÃ­nda reside en territorio osetio, ademais acÃºsanos de ter violado os acordos de fronteira acadados durante as negociacións para o alto o fogo nese mesmo ano. (EUBussines,

2013).

Unha das consecuencias máis nefastas ao final do conflito armado foi o desprazamento de milleiros de persoas, neste caso principalmente xeorxianos, desde os seus territorios de orixe en Osetia do Sur cara os territorios baixo control do goberno de Tbilisi. Así, e segundo relata a Axencia para os Refuxiados das Nacións Unidas (UNHCR), preto de 282.130 xeorxianos atópanse na actualidade desprazados logo da guerra de Osetia do Sur en diversos asentamentos no centro do país ao longo da autoestrada que une as cidades de Tbilisi e Gori. (UNHCR, 2013).

Con todo, é importante salientar a dobre moral que se lle pode aplicar ao conflito xeorxiano. Se logo de 2008 foron os xeorxianos os que fuxiron de Osetia do Sur logo da intervención militar rusa, as tropas xeorxianas durante os anos 90 tiñan por misión o control do territorio sen importar os métodos, naquelas partes onde Tbilisi non era quen de controlar após do colapso da Unión Soviética. No caso de Abxasia, a situación logo da guerra en 1992 dista moito de ser estábel, xa que non é posíbel o libre movemento de persoas entre ambos os dous territorios e entre outras cousas a lingua e moeda xeorxiana atópanse prohibidas a día de hoxe, sen contar as mutuas acusacións de xenocidio por parte das autoridades abxasianas e xeorxianas trala guerra de Abxasia.

A partir do ano 2009 o carisma de Saakashvili, reforzado logo da derrota contra Rusia na guerra de Osetia do Sur, comezou a decaer. En parte, este fenómeno enténdese pola filtración de violacións dos dereitos humanos nos cárceres xeorxianos de presos das mafias e en parte pola excesiva concentración de poderes que tiña na súa persoa. En Novembro de 2013 e logo de case dez anos no poder, Mikhail Saakashvili caía derrotado nas eleccións presidenciais e daba paso a un cuarto presidente de Xeorxia, Giorgi Margvelashvili, ex ministro de educación e ciencia. Margvelashvili, cun perfil político moito máis reservado co seu predecesor, foi o encargado de asistir ao Cumio de Vilnius onde recalcou o seu desexo de que en Setembro de 2014 o seu país asine finalmente o Acordo de Asociación logo do éxito que supuxo a firma do inicio das negociacións (EEAS, 2013). Salientou ademais, que aínda que as reformas sexan duras, o futuro político de Xeorxia pasa por Bruxelas e non por Moscova, aínda que afirmou que ambos os dous países teñen que volver a entenderse de cara ao futuro.

Esta década foi chave para o salto definitivo de Xeorxia ao escenario internacional e supuxo en grande medida o enfrontamento coas pantasma do seu pasado. Por unha banda, as tensións territoriais e étnicas xurdidas após do colapso da Unión Soviética son chave para entender este decenio e por outra, a sempre omnipresencia de Rusia, que segue a tratar aos seus antigos territorios como seus, sen permitirlles labrar as súas propias relacións internacionais con terceiros actores como está a acontecer con Ucraína.

#### Listaxe de referencias

**·European External Action Service (EEAS) (2013).  
Initialling of the EU-Georgia Association Agreement.  
Dispoñible en:  
[http://eeas.europa.eu/top\\_stories/2013/291113\\_eu-georgia\\_association\\_agreement\\_en.htm](http://eeas.europa.eu/top_stories/2013/291113_eu-georgia_association_agreement_en.htm)**

**-EUBusiness, (2013). Georgia slams Russian violations after Geneva talks. Disponible en:**

**<http://www.eubusiness.com/news-eu/georgia-russia-un.rbm>**

**-IGADI, (2013). Informe Mundial de Estados de Feito 2013. Disponible en:**

**<http://www.igadi.org/web/publicacions/imef/informe-mundial-de-estados-de-feito-2013>**

**-IMF, (2013). Georgia: 2013 Article IV Discussions Concluding Statement of the IMF Mission. Disponible en:**

**<http://www.imf.org/external/np/ms/2013/061013.htm>**

**-NATO-AP, (2007). Economic and political transition in Georgia. Disponible en:**

**<http://www.nato-pa.int/default.asp?SHORTCUT=1171>**

**-UNHCR, (2013). 2013 UNHCR regional operations profile – Eastern Europe. Georgia. Disponible en:**

**<http://www.unhcr.org/cgi-bin/texis/vtx/page?page=49e48d2e6>**

#### APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Europa

#### ETIQUETAS

Rusia Estados de Feito Xeorxia Abxasia Osetia Conflito

#### IDIOMA

Galego

#### Date Created

Decembro 23, 2013

#### Meta Fields

**Autoria :** 4065

**Datapublicacion :** 2013-12-23 00:00:00